



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Literatura Medieval Galego-Portuguesa	Código	613G02023	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Tato Fontaiña, Laura	Correo electrónico	laura.tato@udc.es	
Profesorado	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
	Tato Fontaiña, Laura		laura.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval galego-portuguesa a través dos seus textos e autores máis representativos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2 A11	B1 B7	
Identificar os problemas e temas de investigación do ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14 A15 A16 A17 A18	B3 B6	
Aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18	B1 B3 B6 B7	C1 C8
Interiorizar e aplicar un coñecemento avanzado da literatura galega e portuguesa.	A1 A17 A18		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.	A1 A2 A14 A15 A16 A17 A18	B1 B3	C1 C6



Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galego-portuguesa medieval.	1.1 Nocións preliminares: definición, delimitación e contextualización. 1.2 Ámbitos, cronoloxía e periodización.
2. A poesía profana.	2.1 A cantiga de amor e a cantiga de amigo. 2.2 As cantigas satíricas e outros xéneros.
3. A poesía relixiosa: as Cantigas de Santa María.	3.1 Autoría, transmisión manuscrita e fontes. 3.2 Estrutura e clasificación tipolóxica.
4. A prosa galego-portuguesa medieval.	4.1 As materias narrativas: a Materia de Bretaña e a Materia de Roma. 4.2 A historiografía: Fernão Lopes.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A17 A18	20	30	50
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6 C8	22	33	55
Lecturas	A2 A7 B6 B7 C1 C6	1	30	31
Proba mixta	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B6 B7	2	11	13
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, entre outras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC ou o estudo de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, atópase a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Obradoiro	Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a orientación e axuda que precise para a realización dos seus traballos. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia. O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.

Avaliación
------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A2 A7 B6 B7 C1 C6	Terán de realizarse as lecturas obrigatórias por parte do alumnado, sendo avaliadas ao longo do desenvolvemento das aulas. O control destas lecturas será realizado por medio de recensións &quot;ad hoc&quot; e/ou en sesións específicas na sala de aulas, avaliando a capacidade de comprensión e a síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos conteúdos focados e as competencias previstas na materia.	20
Proba mixta	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B6 B7	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e conteudística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor.	50
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6 C8	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade tipolóxica.	30

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado que se vaia presentar á convocatoria adiantada de decembro, con matrícula parcial, semipresencial, dispensa académica ou calquera outra particularidade especial deberá pórse en contacto cos profesores ao comezo do curso a través do correo electrónico e/ou utilizar o horario de titorías fixado polo centro.

Na segunda oportunidade haberá que superar as mesmas probas que na primeira.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

---

Os

traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

---

Todas

as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección

lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Todas

as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de NON

PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Beltrán, V. (1995). A cantiga de amor. Vigo: Xerais</li> <li>- Brea, M. (coord.) (2000). Galicia. Literatura. A Idade Media. XXX.. A Coruña: Hércules de Ediciones</li> <li>- Brea, M. / Lorenzo, P. (1998). A cantiga de amigo. Vigo: Xerais</li> <li>- Buescu, M<sup>a</sup> L. Carvalhão (1990). Literatura portuguesa medieval. Lisboa: Universidade Aberta</li> <li>- Dias, A. F. (1998). História Crítica da Literatura Portuguesa. Idade Média. Lisboa / São Paulo: Verbo</li> <li>- Fidalgo, E. (2002). As Cantigas de Santa María. Vigo: Xerais</li> <li>- Gutiérrez, S. / Lorenzo, P. (2001). A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago</li> <li>- Lanciani, G. / Tavani, G. (1995). As cantigas de escarnio. Vigo: Xerais</li> <li>- Lanciani, G. / Tavani, G. (orgs.) (1993). Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa. Lisboa: Caminho</li> <li>- Lapa, M. Rodrigues (1981). Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval.. Coimbra: Coimbra Editora</li> <li>- Oliveira, A. Resende de (2001). O Trovador Galego-Português e o seu Mundo. Lisboa: Notícias</li> <li>- Oliveira, A. Resende de (1995). Trobadores e Xogares (Contexto Histórico). Vigo: Xerais</li> <li>- Pena, X. R. (2002). Historia da Literatura Medieval Galego-Portuguesa.. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco</li> <li>- Polín, R. (1994). A poesía lírica galego-castelá (1350-1450). Santiago de Compostela: Servizo de publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago</li> <li>- Projeto Littera (). Cantigas Medievais Galego-Portuguesas <a href="http://cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp">http://cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp</a>.</li> <li>- Tavani, G. (1990). A Poesia Lírica Galego-Portuguesa. Lisboa: Comunicação</li> </ul> <p>Obras de lectura obrigatoria:- Arias Freixedo, X. B. (2003): Antoloxía da lírica galego-portuguesa (Vigo: Xerais).-          Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. (1996): Cantigas de Santa María. Afonso X (Antoloxía) (Vigo: A Nosa Terra / AS-PG).-          Freixeiro Mato, X. R. (1996): Prosa literaria medieval (Antoloxía) (Vigo: A Nosa Terra / AS-PG).</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marques, A. H. Oliveira (1981). A Sociedade Medieval Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa</li> <li>- Martins, M. (1980). Estudos de Cultura Medieval. Lisboa: Brotéria</li> </ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías